

D I T A M E

Ditame
3/08

sobre o anteproxecto de
Lei de residuos
de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 9 DE MAIO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 17 de xaneiro de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de lei de residuos de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector Público e Benestar Social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 21 de xaneiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº2 para o 24 dese mes, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 19/08, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 24 de abril, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/08, de 9 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de residuos de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico xeral da produción e xestión de residuos, fomentando, por esta orde, a súa redución, a súa reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización e a regulación dos solos contaminados, co fin de protexer o medio e a saúde humana.

O obxectivo desta lei é o de mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia e alcanzar un alto nivel de protección do ambiente, dotando aos entes públicos competentes dos mecanismos de intervención e control necesarios para garantir unha axeitada xestión dos residuos.

O articulado do presente anteproxecto de lei estrutúrase en dez títulos. O primeiro deles recolle as disposicións xerais da lei, o título II establece a planificación en materia de residuos, o título III regula as medidas económicas e financeiras e a financiación, o título IV regula o réxime da posta no mercado de produtos que co seu uso se converten en residuos. O título V establece o réxime de intervención administrativa preventiva de produción e xestión de residuos. O título VI regula a declaración de utilidade pública e interese social para os efectos de expropiación forzosa, o título VII regula a contaminación e degradación do solo, o título VIII regula o fomento da prevención na produción de residuos. O título IX establece as competencias e o exercicio dos labores de inspección e vixilancia, e, por último, o título X recolle o réxime sancionador.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- A lei 10/98 básica de residuos contén os mínimos de obrigado cumprimento no conxunto do Estado español, correspondéndolle á normativa autonómica observar os devanditos mínimos e, de ser o caso, reforzar a protección do medio mediante a adopción de medidas máis avanzadas e adaptadas á realidade concreta de cada comunidade, podendo establecer desta forma, obxectivos máis ambiciosos, como na práctica acontece en moitos países europeos. O CES considera que, tanto as directivas como as leis estatais de bases, sinalan unha serie de obxectivos a acadar nuns prazos determinados, pero deixan, á Comunidade Autónoma de Galicia, o desenvolvemento dos mecanismos que se consideren máis propicios para acadar os obxectivos xerais.

O CES entende que a simple transposición de directivas europeas en forma de leis e decretos propios, sen adaptar os seus preceptos á realidade da nosa Comunidade Autónoma, supón a perda da oportunidade de dotármonos dunha lexislación ambiental rigorosa, actualizada e adaptada ás necesidades, tanto do contorno natural como da nosa economía, e ás demandas sociais.

Un dos aspectos básicos da actual normativa sobre residuos é o que se coñece como xerarquía ou prioridades de opcións de xestión e tratamento. Así, a normativa europea e tamén a Lei 10/98 fixan unha xerarquía de cinco niveis, por orde de prioridade: Redución en orixe, Reutilización, Reciclaxe, Valorización e Eliminación. O CES estima que o presente anteproxecto de lei adopta esta xerarquía no seu artigo 1 (obxecto), mais abandónaa ao longo da maior parte do articulado que o segue.

O Consello Económico e Social considera que o anteproxecto de Lei de Residuos de Galicia vai implicar escasos cambios con respecto á xestión actual dos residuos. Mantense o mesmo esquema baseado no funcionamento de SOGAMA e na incineración do lixo, fronte ás recomendacións da Unión Europea, de que se actúe segundo a xa citada orde de preferencia: Redución en orixe, Reutilización, Reciclaxe, Valorización e Eliminación.

No período de vixencia da Lei 10/97 de residuos sólidos urbanos de Galicia, a produción de lixo (residuos domésticos) aumentou nun 60%, o que é indicativo do escaso éxito obtido, ata o momento, polas políticas de preven-

ción e redución na orixe. Ao mesmo tempo, Galicia só acada as porcentaxes de reciclaxe fixadas polas directivas europeas nun dos materiais dos residuos (o vidro) e todo indica que os novos obxectivos para finais de 2008 van carrexar novos atrasos e incumprimentos. O atraso é igualmente manifesto noutras tipoloxías de residuos, tanto de tipo urbano como industrial ou agrogandeiro.

O CES entende que o novo proxecto de lei non semella que vaia a resolver estas deficiencias, cando xa no texto legal non lle outorga a importancia que a reutilización e a reciclaxe deben xogar fronte á valorización enerxética, a incineración e o vertido. O CES estima necesario que se centre o esforzo no ámbito dos **3R: *redución, reutilización e reciclaxe***.

O CES entende que se trata dun texto que, en termos xerais, está redactado aceptablemente de acordo coa Directiva 2006/12/CE sen prexuízo de que a aplicación do mesmo poida revelar modificacións necesarias, entendendo que os eixes do texto e da política de tratamento de residuos, teñen que incidir nos aspectos máis descoidados, como son a prevención e a necesaria consideración dos residuos industriais non perigosos na dimensión que merecen, así como dar algún paso máis, sobre todo en materia de información e formación, en canto aos residuos derivados do consumo.

En definitiva, o CES estima que este anteproxecto de lei debería camiñar con máis decisión cara o obxectivo do Desenvolvemento Sustentable, deseñando unha nova política de residuos, que teña por eixes principais a redución da produción de lixo, contando coa participación imprescindible da cidadanía e a implicación directa e nidia das empresas na xestión, así como co liderado das administracións públicas, integrando como principio básico a suficiencia de medios materiais e humanos, tanto para a promoción e fomento, como para a información, vixilancia e control.

Finalmente, destacar que o CES considera necesario que no anteproxecto de lei se matice ou afine máis en función do tipo de actividade e de criterios cualitativos, con especial incidencia nas actividades artesanais, agrarias ou pesqueiras, pois o grado de esixencia non debería ser o mesmo.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que na **exposición de motivos** do anteproxecto de lei, debería figurar que foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O CES considera que na **exposición de motivos**, nos antecedentes normativos, debería facerse referencia, dada a materia de que se trata, á Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia. O artigo 1 da referida lei sinala que *“A presente Lei ten por obxecto o establecemento das normas que, no ámbito da competencia da Comunidade Autónoma, configuran o sistema de defensa, protección, conservación e restauración, no seu caso, do medio ambiente en Galicia e aseguran unha utilización racional dos recursos naturais”*.

O CES entende que existe un fallo de redacción na exposición de motivos xa que nela se di que a lei se completa con tres disposicións derradeiras, cando no texto normativo só existen dúas.

3.- Artigos 2,7, 18, 32, 61 e 62

Nas clasificacións existentes nos artigos anteriormente citados, utilízanse as letras “j” e “k” que non forman parte do alfabeto galego, polo que o CES solicita que se aplique a normativa vixente en materia lingüística, coas subsecuentes modificacións no artigo 65, apartados 1 c), 1 d) e 2 c).

4.- O Capítulo I do Título I do anteproxecto de lei, noméase *“Obxectivos e definicións”*.

O CES considera incongruente o título do capítulo I xa que este capítulo non só regula os obxectivos e definicións do anteproxecto de lei, senón tamén, o obxecto e o ámbito de aplicación.

5.- O artigo 2 do anteproxecto de lei regula os obxectivos da norma.

O **apartado b** do citado **artigo 2**, establece como obxectivo particular da lei o de *“Preservar a paisaxe e os lugares de especial interese”*.

O CES considera que, dado que os lugares de especial interese tamén forman parte da paisaxe, debería clarificarse a redacción do citado apartado incluíndo a expresión “particularmente” do seguinte xeito: ***“b) Preservar a paisaxe e, particularmente, os lugares de especial interese.”***

Por outra banda, e en relación ao nomeado apartado b) do artigo 2, o CES considera que se debería de matizar a qué lugares de especial interese se está a referir.

O **apartado c)** do **artigo 2**, establece como obxectivo particular da lei o de *“c) Promover a redución cuantitativa e cualitativa da xeración de residuos. (...)”*.

O CES considera que, dado que o referido artigo 2 regula os obxectivos da lei, debería de substituírse a expresión *“Promover”* do citado apartado c) pola de ***“Conseguir”***; xa que se trata de obxectivos non de intencións.

No **apartado e)** do **artigo 2**, establécese como obxectivo da lei o de *“Responsabilizar aos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se converten en residuos para que elaboren produtos que polas súas características favorezan a prevención de residuos e faciliten a súa valorización.”*

O CES entende que a expresión responsabilizar aos responsables é redundante, polo que se debería de substituír por outra expresión máis axeitada, como ***“Concienciar ás persoas responsables”***.

O CES estima máis axeitada a seguinte redacción para o final do **apartado e)** do **artigo 2**: ***“(...) favorezan a prevención de residuos e faciliten a súa reutilización, reciclaxe e valorización”***; dado que é necesario actuar na xestión de residuos seguindo esta orde, polo que a valorización (enerxética, en SOGAMA) ten que ser a penúltima das opcións posibles e cómpre centrar os esforzos na prevención da produción de residuos e na súa reutilización e reciclaxe.

O **apartado f) do artigo 2** establece como obxectivo da lei o de “*f) Prohibir o abandono, a vertedura ou eliminación incontrolada dos residuos (...)*”; o CES entende que se debería modificar a redacción do citado apartado tal como segue: “*f) Prohibir o abandono, a vertedura ou eliminación incontroladas dos residuos (...).*”

6.- O artigo 4 do anteproxecto de lei expón unha serie de definicións aos efectos da presente norma.

O CES considera que se deberían de incluír neste artigo as definicións de: “*envases*”, “*envases industriais ou comerciais*” e “*residuos de envases*”, tal como se recollen na lei 11/1997 de envases e residuos de envases e no regulamento que a desenvolve; así como as definicións de “*materia prima secundaria*” e de “*depósito incontrolado*”.

O CES entende que no citado artigo 4 se debería de incluír a definición de “*actividades potencialmente perigosas*”, dado que esta expresión aparece no texto normativo (artigo 46.1), é importante que a norma clarifique cales son ou poden ser estas actividades potencialmente perigosas.

O CES entende que se debería de incluír no artigo 4, a definición de “*espazo degradado*”, dado que esta expresión aparece no articulado do anteproxecto sometido a ditame (artigo 48); neste senso considérase que a definición solicitada non só debe vincular un espazo degradado ás verteduras incontroladas ou aos inadecuados depósitos de residuos como podería deducirse do artigo 48 do anteproxecto de lei.

O CES considera que se debería de clarificar no presente artigo, o réxime aplicable ao suposto de recipientes que conteñen substancias contaminantes e que, unha vez baleirados, no envase quedan restos destas substancias.

O **apartado 7 do artigo 4** define o concepto de residuos inertes, sinalando, entre outros aspectos, que: “*(...) A lixiviabilidade total, o contido de contaminantes dos residuos e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes e, en particular, non deberán (...)*”. O CES entende que non deberían integrarse na norma conceptos indeterminados como é insignificantes, polo que se propón o cambio do mesmo polo termo “*inocuos*”.

O **apartado 18 do artigo 4** define o concepto de *transporte*, sinalando que non se inclúe nese concepto o traslado por medios propios cando a cantidade a transportar sexa inferior ao límite que se determine regulamentariamente. O CES considera que o desenvolvemento regulamentario debería fixar o citado límite nun nivel suficiente como para non danar a eficiencia económica e sempre que se garanta a inocuidade do proceso de transporte.

O **apartado 24 do artigo 4** define o concepto de *valorización*.

O CES entende que o termo *valorización* está definido dun xeito demasiado xenérico polo que se propón acoutar a definición, modificando a redacción do sinalado apartado 24 do seguinte xeito: *“24.- Valorización: todo procedemento que permita o aproveitamento dos recursos contidos nos residuos ser poñer en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que lle poidan causar prexuízos ao medio, sempre que este procedemento xere un resultado económico positivo. Inclúese neste concepto (...)”*

O CES considera que no citado apartado 24 debería incluír o seguinte parágrafo: *“Non se considerará valorización senón eliminación a destrución por procesos térmicos ou doutro tipo que supoñan a conversión do material inicial noutros materiais non valorizables e nos que o balance enerxético sexa negativo”*.

O **apartado 26 do artigo 4** define o concepto de planta móbil. O CES considera que se debería de modificar a citada definición no seguinte senso: *“instalación de valorización ou eliminación destinada a permanecer por un tempo limitado previamente acoutado nunha localización (...)”*

7.- O artigo 5 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula as competencias das entidades locais en materia de residuos.

O CES considera que no **apartado 2** do nomeado **artigo 5** debería engadir unha nova letra g) nos seguintes termos: *“Exercer as competencias que, se é o caso, lle sexan atribuídas con carácter temporal ou permanente polas Administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo. O dito exercicio poderase levar a cabo directamente ou mediante a constitución e participación en entes supramunicipais ou doutra índole de entre os previstos no ordenamento xurídico.”*

8.- O artigo 7 do anteproxecto de lei regula as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES entende que existe un fallo de redacción no **apartado h)** do citado **artigo 7** polo que se propón o seguinte texto alternativo:

*“h) Obrigar aos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos a elaborar produtos que polas súas características favorezan a prevención na xeración de residuos e faciliten a súa valorización, **así como** a constituír sistemas integrados de xestión ou a adoptar as medidas oportunas para garantir a súa correcta xestión.”*

9.- O artigo 10 do anteproxecto de lei regula a Sociedade Galega de Medio Ambiente.

O CES considera que se debería de mudar o nome da referida sociedade para definila como a empresa galega para a xestión de residuos, xa que isto é o seu obxecto.

O **apartado 1** do **artigo 10** expón as funcións que lle corresponden á Sociedade Galega de Medio Ambiente, entre as que se inclúen “*Calquera outra que lle sexa atribuída*”.

O CES considera que se debería de acoutar a referida función completando a redacción do **punto d)** do **apartado 1** do **artigo 10**, do seguinte xeito: “*d) Calquera outra que lle sexa atribuída e que **teña relación co seu obxecto social.***”

10.- O apartado 1 do **artigo 11** do anteproxecto de lei regula os principios xerais a acadar coas actuacións das administracións públicas.

O CES entende que as administracións públicas, ademais de promover a redución dos residuos por medio da produción limpa, tamén deben favorecer o desenvolvemento, por parte dos consumidores, de patróns de consumo máis responsables, de xeito que se valoren en maior grado os produtos duradeiros, fiables, versátiles e pouco contaminantes; en consecuencia, o CES considera que o **primeiro punto** do **apartado 1** do **artigo 11** debería ser: “**a) Promover**

entre a cidadanía patróns de consumo responsables que favorezan a redución en orixe dos residuos"; seguindo os puntos existentes a numeración correlativa.

O CES entende que de debería de completar o **punto c)** do apartado 1 do artigo 11, quedando redactado como segue: "*c) Promover a implantación de instalacións e infraestruturas adecuadas para a xestión dos residuos da Comunidade Autónoma de Galicia*".

O CES entende que de debería de completar o **punto h)** do apartado 1 do artigo 11, quedando redactado como segue: "*h) Impulsar o desenvolvemento de programas (...) así como facilitar o diálogo entre a Xunta de Galicia e os distintos axentes económicos e sociais, asociacións ecoloxistas e produtores e xestores (...)*".

O **punto e)** do apartado 1 do artigo 11 regula como necesario impedir a eliminación incontrolada dos residuos e promover a rexeneración dos espazos degradados. Neste senso, o CES entende necesario referirse ao **ditame 1/08**, deste Consello sobre o anteproxecto de lei de Protección da Paisaxe de Galicia, que na súa **consideración particular 7** recomendaba a inclusión nas Directrices da Paisaxe de: "*b) Unha proposta de medidas e accións específicas para alcanzar os obxectivos de calidade e de recuperación daquelas áreas nas que existan ámbitos degradados*".

O CES considera que se debería de engadir un novo **punto 3** no artigo 11 nos seguintes termos:

"3. Co obxecto de facer efectivos os principios de eficacia e eficiencia relativos á actuación das Administracións públicas, previstos nos parágrafos un e dous do artigo 3 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, as administracións con competencias en materia de residuos garantirán na súa execución a suficiencia de medios humanos e materiais, tanto para a promoción e fomento como para a información, prevención, vixilancia e control."

11.- O **artigo 12** do anteproxecto de lei de residuos de Galicia regula a prevención e redución cuantitativa e cualitativa na produción de residuos.

O CES considera que o **apartado a)** do **artigo 12** debería quedar redactado como segue: *“a) O uso de tecnoloxías limpas que permitan un maior aforro dos recursos naturais.”*

O CES entende que o citado artigo 12 debería ampliarse integrando un **novo apartado** no que se inclúa o fomento de: *“O desenvolvemento de programas sectoriais de minimización de residuos e emisións.”*

12.- Proposta de adición de **dous novos artigos**.

O CES considera que, sobre a base da xerarquía de opcións definida no **artigo 1** do presente anteproxecto de lei, onde se expón como obxecto da norma: *“(…) previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico xeral da produción e xestión de residuos, fomentando, por esta orde, a súa redución, a súa reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización e regulación dos solos contaminados (...)”*, deberían ser tratadas por igual as opcións de redución, reutilización, reciclaxe e valorización. Por todo o sinalado, o CES propón que se incorporen ao texto da norma dous novos artigos, un relativo á reutilización e outro relativo á reciclaxe.

13.- O **artigo 13** do anteproxecto de lei regula a valorización.

O CES considera que se deberían de diferenciar claramente as opcións de reciclaxe e valorización, polo que entende que se debería de incluír un **novo apartado 3** no artigo 13 no que se regule que a valorización se limitará a aqueles residuos ou fraccións residuais non susceptibles de reciclaxe de acordo coas mellores tecnoloxías que se poidan aplicar.

14.- O **artigo 15** do anteproxecto de lei re reciclaxe de Galicia noméase información e concienciación.

Dado o contido do citado artigo 15, o CES considera que se debería de cambiar o título do artigo polo de *“Formación e concienciación”*.

15.- O **artigo 17** do anteproxecto de lei regula, dentro da planificación en

materia de residuos, os obxectivos do Plan Autonómico de xestión de residuos.

O CES entende que se debería incluír un parágrafo final no que se regula-se que: *“Para a consecución dos obxectivos definidos no presente artigo, fomentarse a aplicación das innovacións tecnolóxicas máis eficientes dende o punto de vista ambiental.”*

16.- O artigo 19 establece o procedemento de elaboración dos Plans de residuos da Xunta de Galicia, que se regulan no artigo 18.

As consultas das diferentes fases de elaboración documental, refírense ás administracións públicas afectadas e ao público interesado. O CES considera que, con carácter previo a cada unha das fases de consulta ao “*público interesado*”, deberíase consultar preceptivamente, tanto ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, como ás organizacións máis representativas de intereses económicos e sociais, ben directamente a cada unha delas, ou ben, mediante sometemento ao ditame do CES de Galicia do documento en tramitación.

17.- O artigo 22 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula a revisión dos Plans de Residuos da Xunta de Galicia.

Dado que a produción e a xestión de residuos son actividades que van en aumento, debería de haber un seguimento e avaliación continuos da política de residuos; polo que o CES entende que no citado artigo 22 debería de incluírse claramente un prazo de revisión máximo para os Plans de residuos, que podería ser de 10 anos.

18.- O artigo 24 regula os Plans de residuos das entidades locais.

O CES considera que no artigo 24 se debería de introducir un novo apartado no que se definan os mecanismos e métodos para asegurar a participación directa da cidadanía e dos axentes sociais e económicos.

19.- O artigo 25 do anteproxecto de lei ditaminado regula a elaboración dos Plans de residuos das entidades locais.

O CES considera que se debería de aclarar, por unha banda, os efectos da remisión do Plan por parte das entidades locais á Xunta de Galicia, e, por outra, o procedemento de elaboración dos Plans municipais en canto a prazos ou posibles impugnacións.

20.- Proposta de adición dun novo artigo.

O CES considera que, logo do artigo 25, debería de engadir un novo artigo que especifique cales deberán ser os contidos mínimos dos plans das entidades locais, tal como se sinala no artigo 18 para os plans desenvolto pola Xunta de Galicia.

21.- O artigo 28 do anteproxecto de lei regula as garantías financeiras das actividades sometidas a autorización.

O **apartado 2 do artigo 28** dispón que a Consellería competente esixirá, no seu caso, aos produtores de residuos a constitución dun seguro de responsabilidade civil e/ou a prestación dunha fianza ou outra garantía equivalente, na forma que regulamentariamente se estableza.

O CES considera que o desenvolvemento regulamentario da citada obriga, debería matizarse en función da actividade e de criterios cuantitativos, xa que non se lle deben esixir os mesmos compromisos a todas as actividades, con independencia do seu impacto en canto a produción de residuos e o seu tamaño.

Dentro das actividades de xestión de residuos, o posible dano ambiental que se pode producir vai dende irreparable a inexistente, polo que o CES entende que a regulación debe ser máis casuística, e non presupór que toda actividade de xestión ou de produción de residuos entraña, directamente, perigo para o medio.

22.- Proposta de adición dun **novo artigo**.

O CES considera que o anteproxecto carece dalgúns instrumentos que poden contribuír ao avance gradual cara ás políticas de prevención e de priorización da reutilización e a reciclaxe (non o son os contemplados no artigo 28, Título III, tampouco nos artigos 50 e 51, Título VIII). Neste sentido, estímase necesario ir máis aló das políticas de subvencións e fomento clásicas e adoptar medidas fiscais recollidas no art. 25 da Lei 10/1998 de Residuos e que en diferentes ámbitos europeos están a dar resultados satisfactorios.

O CES entende que se debería de engadir un novo artigo no se que incorpore a aplicación de medidas de carácter fiscal.

23.- O **artigo 29** do anteproxecto de lei regula os recursos económicos mediante os que se poderá financiar a xestión dos residuos.

O CES considera que o **apartado a)** do **artigo 29** debería modificarse nos seguintes termos: *“a) As taxas e prezos públicos obtidos pola prestación dos servizos de xestión de residuos, recabadas polas Administracións municipal e autonómica, así como as contribucións especiais que poidan esixirse polos incrementos de valor dos terreos derivados directamente das actuacións administrativas ou, se fose o caso, do cambio de uso e destino a consecuencia destas.”*

24.- O **artigo 31** do anteproxecto de lei regula o réxime xeral a seguir por parte dos responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos.

O **apartado 2** do **artigo 31** dispón que regulamentariamente, poderase establecer un listado de produtos que co seu uso se convertan en residuos, e para os que sexa obrigatorio optar por algunha das alternativas previstas.

O CES considera que o nomeado apartado 2 debería determinar tamén os requisitos, os supostos ou as condicións nas que se podería obrigar aos operadores a aplicar un determinado sistema de xestión de residuos.

Por outra banda, o CES estima que no citado apartado 2 se debería de cam-

biar a expresión “(...) e para os que sexa obrigatorio optar por algunha das alternativas (...)”, pola de “(...) e para os que sexa obrigatorio optar por *unha* das alternativas (...)”, por entender esta última sintacticamente máis correcta.

25.- O artigo 32 do anteproxecto de lei de residuos de Galicia regula os sistemas integrados de xestión.

O **apartado 3** do citado **artigo 32** impón un prazo máximo para resolver e notificar autorizacións de 6 meses; o CES entende que este prazo debería acurtarse.

Por outra parte existe un erro gramatical na última liña do nomeado apartado 3 do artigo 32: “(...) a autorización se entenderase denegada”.

26.- Título V.

En coherencia coa exposición de motivos, na estrutura do anteproxecto de lei, debería incluírse o **Título V**, que abrangue aos artigos 37, 38 e 39.

27.- O artigo 37 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula o réxime de intervención administrativa preventiva da produción e xestión de residuos.

O **apartado 5** do citado **artigo 37** expón que se establecerá regulamentariamente o réxime xurídico das autorizacións de xestión e produción e o rexistro das actividades previstas neste artigo, así como as actividades de produción de residuos perigosos e non perigosos que pola súa escasa incidencia ambiental non necesiten a intervención administrativa prevista no artigo 37.

O CES entende que o desenvolvemento regulamentario ao que se fai referencia no nomeado apartado 5 debería de ter en conta, a efectos de eximilos da intervención administrativa prevista no artigo 37, a aqueles pequenos produtores de residuos que, coa actual normativa, están exentos de autorización administrativa.

No tocante ao réxime regulador das autorizacións, naqueles sectores que adoitan operar con instalacións móbiles con carácter temporal moi reducido, o CES considera que debería abondar cun trámite de autorización máis simplificado a efectos das súas instalacións itinerantes, sen que sexa necesario obter unha autorización *ex novo* por cada unha das citadas instalacións.

28.- Proposta de **adición dun artigo** no **Título VIII** de Fomento

Se a norma postula a necesidade de converter os procesos lineais de produción en procesos cíclicos, e en considerar os residuos como recursos valiosos e non como algo do que cómpre desfacerse, é de entender que as entidades xestoras deberían obter beneficios económicos en función dos seus resultados ambientais: a economía das empresas concesionarias debería basearse na calidade e cantidade dos materiais recuperados para reciclaxe ou valorización, e non nas cantidades de residuos que entran á planta.

Por tanto, o CES entende que o anteproxecto de lei de residuos debería prever e fomentar a valorización nas condicións económicas das contratas de xestión e tratamento dos anteditos parámetros cualitativos e cuantitativos.

29.- O **artigo 42** do anteproxecto de lei regula a declaración de solo contaminado.

O CES entende que no **apartado e)** do **artigo 42** existe un erro de redacción, debendo eliminarse a palabra “tanto”.

O CES considera que se debería de engadir un novo **punto 3** ao **artigo 42**, no que se regulase a obriga da Xunta de Galicia de elaborar un mapa de solos contaminados na Comunidade Autónoma, que debería ser actualizado regularmente.

30.- O **artigo 49** do anteproxecto desenvolve as obrigas dos responsables da degradación do terreo.

O **apartado 2** do **artigo 49** expón que naqueles supostos nos que o responsable da degradación fose un concello, as actuacións de rexeneración serán acometidas pola entidade local.

O CES entende que existe un erro de redacción na segunda liña do citado apartado 2, onde se omite a expresión *serán*, entendéndose como redacción correcta a seguinte “(...), as actuacións de rexeneración **serán** acometidas pola entidade local (...)”.

O CES considera que no apartado 2 do artigo 49, debería contemplarse o suposto de que o responsable da degradación sexa outra Administración Pública, e non só un concello.

31.- O artigo 51 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula a actividade de promoción.

O CES considera que no **apartado b)** do **artigo 51** debería facerse referencia expresa ás organizacións profesionais agrarias, dentro das organizacións coas que a consellería poderá potenciar a subscrición de acordos.

32.- O artigo 53 da norma obxecto de ditame regula os servizos de inspección e vixilancia da Comunidade Autónoma de Galicia.

O **apartado 1** do **artigo 53** dispón que as funcións de vixilancia e inspección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia relativas ao cumprimento da presente lei levaranse a cabo, ou ben directamente polo persoal funcionario, ou ben por Organismos de Control debidamente autorizados, pola consellería competente en materia de medio ambiente no eido dos residuos.

O CES entende que a estrutura do presente artigo podería levar a confusión, ao pensar que ambas formas de levar a cabo as funcións de vixilancia e inspección ambiental son substitutivas, polo que se estima que ao **punto 1 b)** do presente artigo debería corresponderlle un apartado distinto, onde se clarificasen as funcións e procedemento de actuación dos citados Organismos de Control.

Por outra banda, o CES considera que aos Organismos de Control debidamente autorizados, debería impoñérselle expresamente, tal como aparece para os asesores técnicos, a obriga de gardar segredo respecto dos datos e informacións que coñeceran no exercicio das funcións de vixilancia e inspección.

33.- O artigo 55 do anteproxecto de lei regula os custos de servizos de inspección.

O CES considera que se debería de eliminar do artigo 55, a posibilidade de imputación dos custos das inspeccións facultativas cando estas se realicen como consecuencia dun procedemento sancionador, e o citado procedemento teña como resultado a non imposición de sanción.

34.- O artigo 56 do anteproxecto de lei regula os autodiagnósticos e as auditorías.

O CES entende que se debería de clarificar a relación existente entre as obrigas que impón o **artigo 56** e as certificacións de sistemas de xestión ambiental recoñecidos, como UNE, EN, ISO 14001 e o Regulamento EMAS.

O CES considera que se debería de eximir da obriga de presentar anualmente os documentos de autodiagnóstico ambiental, e declaracións derivadas destes, sempre que houbese constancia inequívoca, a través dunha declaración responsable do representante legal da planta, de que as circunstancias produtivas non varían en relación á situación que figura no documento de autodiagnóstico precedente.

35.- O artigo 57 regula o deber de colaboración.

O CES considera que se debería de clarificar o feito de que os asesores técnicos poden acompañar exclusivamente a funcionarios, para o que se propón a seguinte modificación na redacción do **artigo 57**: “(...) *están obrigados a permitir o acceso, para o exercicio das súas funcións, aos funcionarios ou persoal das entidades de control debidamente identificados así como aos asesores técnicos que circunstancialmente acompañen aos anteditos funcionarios, e a prestarlles a colaboración necesaria (...)*”.

36.- O artigo 61 do anteproxecto de lei regula as infraccións moi graves.

O apartado d) do **artigo 61** establece como infracción grave o incumprimento das obrigas derivadas das medidas provisionais e cautelares.

O CES entende que se debería incluír neste apartado a expresión: “(...) *salvo os supostos de forza maior ou imposibilidade sobrevida*”.

37.- O artigo 62 do anteproxecto de lei regula as infraccións graves.

O **apartado d)** do citado **artigo 62** establece como infracción grave, entre outras, o incumprimento da obriga de custodia e mantemento da dita documentación.

O CES considera que se debería de establecer un prazo de tempo no que o titular da actividade debe custodiar e manter a documentación.

38.- O artigo 67 do anteproxecto de lei regula a graduación das sancións.

O **apartado d)** do **artigo 67** considera como un criterio para a graduación da sanción a comisión da infracción en espazos naturais protexidos pola normativa vixente.

O CES considera que se debería de ampliar a protección das zonas de elevado valor natural e paisaxístico, aínda que non se trate de espazos protexidos, polo que este Consello entende que se debería modificar a redacción referida do apartado d) do artigo 67 pola seguinte: “*d) A comisión da infracción en espazos naturais protexidos pola normativa vixente, así como nos espazos recollidos na Rede Natura 2000 e en áreas de elevado valor paisaxístico, establecidas, estas últimas, de acordo coa normativa vixente en materia de protección da paisaxe en Galicia*”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano